

## **Acta Comisión Permanente 27 de setembro de 2017**

### **Asistentes**

#### *Equipo decanal*

Almudena Bergareche Gros  
Ángel Aday Jiménez Alemán  
Laura Movilla Pateiro  
Lydia Noriega Rodríguez  
Alexandre Pazos Pérez  
Francisco Torres Pérez

#### *PDI A*

Carmen Domínguez Rovira  
Helena Martínez Hens  
Esther Pillado González  
Carmen Ruiz Hidalgo

#### *Representantes do alumnado*

Mónica García Freiría  
Roberto Vázquez Fernández  
Paula Rivera González

Iníciase a reunión as 11:34 h., na sala A-202, en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

- 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión do 24 de xullo de 2017.
- 2º.- Informes da Sra. Decana.
- 3º.- Aprobación, se procede, da proposta de calendario para a defensa dos TFG do curso 2017//2018.
- 4º.- Aprobación, se procede, da composición dos tribunais que avaliarán os TFG no curso 2017/2018.
- 5º.- Aprobación, se procede, do nomeamento do coordinador dos programas de intercambios internacionais para o alumnado do Grao en Relacións Laborais e Relacións Laborais.
- 6º.- Aprobación, se procede, da modificación do calendario de exames do Grao en Relacións Laborais.
- 7º.- Aprobación, se procede, das modificacións dos horarios do Graos en Dereito e en Relacións Laborais.
- 8º.- Rolda de intervencións.

**1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión do 24 de xullo de 2017.**

Apróbase por unanimidade.

**2º.- Informes da Sra. Decana.**

A profesora Almudena Bergareche, Decana, manifesta o seu profundo agradecemento á facultade e ao equipo decanal a asunción de funcións na súa ausencia.

O profesor Francisco Torres, vicedecano, informa que a partida de libros vai ver incrementada de 10.000 euros a 12.000 euros. Tamén sinala que para a próxima organización de xornadas e conferencias, todas as propostas solicitaron ao redor de 700-800 euros. Existe a posibilidade de aumentar este importe e de outorgar axudas relacionadas co plan de internacionalización, que consistirían en financiar por parte do orzamento da facultade a invitación dun/a relator externo ao sistema universitario español.

**3º.- Aprobación, se procede, da proposta de calendario para a defensa dos TFG do curso 2017/2018.**

A Decana expón a proposta de calendario. A profesora Esther Pillado suxire que a data de defensa da convocatoria adiantada teña lugar antes para facilitar unha incorporación máis rápida e plena do alumnado aos estudos de posgrao. A Decana manifesta o seu acordo en progresivamente adiantar esta data na medida do posible.

Apróbase por unanimidade.

**4º.- Aprobación, se procede, da composición dos tribunais que avaliarán os TFG no curso 2017/2018.**

Tras explicar a metodoloxía para a elección de membros dos tribunais, en estrita aplicación do regulamento, a Decana le as persoas seleccionadas.

Tanto a profesora Carmen Ruiz como a profesora en formación Mónica García manifestan que a profesora en formación Beatriz Gómez Fariñas non podería ser membro, dado a súa condición de profesora en formación. Quen subscribe este acta comprométese a comprobar a normativa a este respecto.

Apróbase por unanimidade.

**5º.- Aprobación, se procede, do nomeamento do coordinador dos programas de intercambios internacionais para o alumnado do Grao en Relacións Laborais e Recursos humanos.**

Debido á renuncia do profesor Pierre- Henri Cialti , proponse a súa substitución polo profesor José Durán.

Apróbase por unanimidade.

**6º.- Aprobación, se procede, da modificación do calendario de exames do Grao en Relacións Laborais.**

A Decana cede a palabra a Lydia Rodríguez, vicedecana, debido á resolución do Reitor do 27 de xullo de 2017, é necesario modificar o calendario na convocatoria adiantada.

Intervén Roberto Vázquez, representante do alumnado, solicitando aclaración sobre a resolución se afecta o alumnado do Grao en Dereito. A Decana aclara que o cambio non inclúe ao alumnado do Grao en Dereito.

Apróbase por unanimidade.

**7º.- Aprobación, se procede, das modificacións dos horarios do Graos en Dereito e en Relacións Laborais.**

A profesora Lydia Rodríguez explica a modificación proposta que consiste nunha permuta entre Dereito procesual laboral e Dereito de emprego, solicitada polas respectivas áreas.

Apróbase por unanimidade.

**8º.- Rolda de intervencións.**

A profesora Carmen Ruiz consulta como se van a sufragar os gastos de material dos departamentos. A Decana informa que este asunto está pendente de resolver con Ángel Nieto.

Paula Rivera, representante do alumnado, realiza unha proposta acerca de crear unha lista de correos de alumnado para comunicar información relevante. A Decana manifesta que é un medio a ter en conta e que a forma de articulala será explorada.

A Decana comunica que o 5 de outubro terá lugar unha charla co apoio de amnistía internacional.

Mónica García felicita ao equipo decanal pola nova páxina web.

Remata a reunión, sendo as 12.03, do que como secretario dou fe.

Ángel Aday Jiménez Alemán